

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS PARA A APERTURA DUN NOVO CONSULTORIO MÉDICO EN REBOREDO-CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 16.10.2024 co Concello de San Cibrao das Viñas o instrumento convencional arriba referido, que entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o remate das obras de acondicionamento do inmovible e a posta en marcha do consultorio coa data límite, en todo caso, do 31 de decembro de 2025, podendo ser prorrogado, de conformidade co previsto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, por acordo unánime das partes.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de San Cibrao das Viñas para a adquisición e acondicionamento dun inmovible co fin de destinalo a consultorio médico. O Servizo Galego de Saúde financia a adquisición do inmovible e o concello acondiciona o dito espazo para destinalo á finalidade de atención sanitaria.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello, faise necesario abrir un novo consultorio médico en Reboredo-Concello de San Cibrao das Viñas, xa que segundo documentación achegada polo concello, as instalacións nas que se atopa o actual consultorio médico de Reboredo fóronse deteriorando co paso do tempo sen que existan posibilidades de acometer a súa reforma e acondicionamento. Por este motivo, resulta necesario, adquirir un novo inmovible, acondicionalo e facer as xestións necesarias para destinalo a tal fin.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se trasponse al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo

2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

